

SISTEMA VOCÁLICO



Todas as vogais son sonoras; polo tanto diferéncianse entre si só polo punto e o modo de articulación:

- **Punto de articulación:** considerando este trazo distinguimos vogais:
 - Anteriores** ou **palatais**: na súa realización a lingua elévase na parte anterior da boca e aproxímase ao padal duro /i/, /e/
 - Posteriores** ou **velares**: a lingua elévase na parte posterior da boca e aproxímase ao veo do padal /o/, /u/
 - Central** ou **media**: a lingua está baixa e case en repouso, situándose o punto de articulación entre o padal e o veo; é o caso de /a/.
- **Modo de articulación:** tendo en conta a posición da cavi- dade bucal (máis ou menos aberta) no momento de articu- larmos as vogais, distinguimos entre:
 - Aberta** ou **baixa**: realízasecomáximo de abertura bucal e mínima elevación da lingua: /a/.
 - Pechadas** ou **altas**: realízanse con mínima abertura da boca e máxima elevación da lingua; son /i/ /u/.
 - Medias**: están a medio camiño entre os dous tipos anteriores; poden ser:
 - **Semifechadas**: /e/ /o/ ou **Semiabertas** /ɛ/ /ɔ/

		anterior ou palatal	central ou medial	posterior ou velar
pechado		/i/		/u/
de grao medio	semi-pechado	/e/		/o/
	semi-aberto	/ɛ/		/ɔ/
aberto			/a/	

1. Presentan vocal tónica semiaberta:

- As palabras rematadas en vocal tónica. (ex: café, abofé)
- Os substantivos rematados en –el; -ol e os seus plurais (ex: papel-papeis; caracol-caracois)
- As palabras rematadas en: -ela(agás estrela) -orio/a(ex:memoria, gloria) -ero/a(ex: fero, sincero) -erio/a(ex: misterio, bacteria) -oco/a(ex: troco, miñoca) -ola(ex:pistola) -ote/a(ex: bigote, pelota) - estre (ex: campestre, mestre)
- Os verbos da 2ª e 3ª conjugación con vocal radical –e-; -o-;-u- , que presentan alternancia vocálica, na 2ª, 3ª e 6ª persoas do P.I.(agás os verbos DEBER, CRER, LER que teñen todas as persoas con vogal semipechada) EX: bebes, corre, comen, dormen, sobe.
- As formas verbais de tema de Perfecto(Perfecto, Pluscuamperfecto, Imperfecto e Futuro de Subxuntivo) dos verbos irregulares EX: dixera, fixesen, trouxer, puidesen
- Os nomes das seguintes letras do alfabeto: E, F, L, M, N, Ñ, O, R, S
- As palabras que levan til diacrítico, agás E (sempre aberto) e POR (sempre pechado)
- Habería que ter en conta o influxo da nasal trabante que pecha o e, aínda que se trata dun fenómeno dialectal , a súa incidencia xa é case total en toda a fala, pero só afecta a substantivos e adxectivos, nunca a verbos e adverbios (ex: dente, tamén)
- Unha palabra derivada segue mantendo a vocal semiaberta Ex: pe-pegada ; corda-cordeiro ; pedra-pedriña

2. Presentan vogais semipechadas:

- As palabras rematadas no sufixo –és (agás REVÉS,TRAVÉS, BIES, MES, ES do verbo ser, TES do verbo ter). Ex:coruñes, maltés, fenés
- As palabras que presentan o ditongo OU.(ex: touro, tesouro, mouro)
- As palabras coa secuencia –on (agás onte, conde, pomba). Ex: lacón, ponte
- Os nomes rematados en ; -edo (ex; medo) -ón (ex:corazón) -ello, agás vello (ex: cortello) - or (ex: matador) -eo, agás ceo (ex:feo) -eza (ex: grandeza) -oso, agás noso, voso (ex:fermoso)
- Os nomes das seguintes letras: B, C, D, G, P, T, X, Z
- As formas de infinitivo da 2ª conjugación. (ex: traer, coller, moer)
- Os verbos da 2ª conjugación con vogal radical –e-; -o-, que presentan alternancia vocálica, nos casos nos que non levan vogal semiaberta, agás PODER, QUERER, QUECER, ESQUECER, que sempre presentan vogal semiaberta EX: bebo, comemos, corra
- As formas verbais de tema de Perfecto regular EX: comera, collestes, beberdes,comese

Parellas de palabras Semiaberta/è/ /ɔ/ ---- Semipechada /e/ /o/

besta (arma) / besta (animal)

botas (calzado) / botas (verbo)

bote (embarcación)/ bote (verbo)

ceo (substantivo) / ceo (verbo)

-

cobra (serpe) / cobra (copla)

cocho (porco) / cocho (guarida)

corda (substantivo) / corda (adjectivo)

choro (verbo) / choro (substantivo)

doce (adjectivo) / doce (número)

ese (letra) / ese (demostrativo)

este (punto cardinal) / este (demostrativo)

fixemos (v. facer) /fixemos (v. fixar)

golpe (choque) / golpe (raposo)

lobo(parte da orelha) / lobo (animal)

moa (peza dental) / moa (verbo)

neto (parente) / neto (medida)

oca (adjectivo) / oca (animal)

pega (verbo) / pega (animal)

pelo (verbo) / pelo (cabelo)

peto (verbo) / peto (substantivo) podo

(v.poder) / podo (v. podar)

rego (verbo) /rego (substantivo)

selo(substantivo) / selo (verbo)

sede (local) / sede (de beber)

toco/a (verbo) / toco/a (manca)

tola (morea) / tola (louca)

torta (substantivo) / torta (adjectivo)